

## Estadística de construcción de edificios. Xuño 2007

### COMUNICADO

**O crecemento da variación neta de vivendas no primeiro semestre de 2007 foi do 57,3% respecto ao mesmo período do ano anterior.**

**En xuño de 2007 a variación neta do parque de vivendas aumentou un 16,9% con respecto a xuño de 2006**

A variación neta do parque de vivendas en xuño de 2007 foi de 3.851 unidades, supoñendo un aumento do 16,9% fronte á rexistrada en xuño de 2006. No que vai de ano o crecemento con respecto ao mesmo período do ano anterior é do 57,3%.

A este crecemento rexistrado en xuño de 2007 contribúen tódolos epígrafes que se integran na variación neta de vivendas. Así, as vivendas a crear en nova planta presentan unha taxa de variación interanual do 12,8%, as vivendas a crear en rehabilitación aumentaron un 32,1%; e por último, as vivendas a demoler, cunha taxa de variación do -68,9%, tamén axudan ao crecemento con respecto a xuño de 2006 do parque de vivendas.

#### Estadística de construcción de edificios. Xuño 2007.

|   | Dato  | % variación sobre igual período ano anterior |                            |
|---|-------|--|----------------------------|
|   |       | Do mes                                       | Da media do que vai de ano |
| Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> ) | 720   | 8,5%   | 54,5%                      |
| Variación neta parque de vivendas (número)                | 3.851 | 16,9%  | 57,3%                      |
| Vivendas a crear  |       |  |                            |
| Vivendas a crear en nova planta                           | 3.794 | 12,8%  | 57,8%                      |
| Vivendas a crear en rehabilitación                        | 103   | 32,1%  | -3,8%                      |
| Vivendas a demoler  | 46    | -68,9%                                       | 7,3%                       |
| <b>Datos corrixidos de efecto calendario</b>              |       |  |                            |
| Superficie total. Nova planta. (miles de m <sup>2</sup> ) | 734   | 13,6%  | 54,5%                      |
| Vivendas a crear en nova planta                           | 3.866 | 17,9%  | 57,9%                      |


Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construcción de edificios

**A superficie total da edificación de nova planta creceu un 8,5% en xuño de 2007 con respecto ao mesmo mes do ano anterior**

En xuño de 2007 a superficie total a edificar presenta unha taxa de variación interanual do 8,5%, crecemento que se observa tanto na superficie destinada a vivenda, taxa interanual do 8,0%, como na non residencial que presenta aumento interanual do 11,1%. Corrixida de efecto calendario a superficie total presenta un crecemento do 13,6%.

No que vai de ano o crecemento da superficie total de nova planta é do 54,5% con respecto ao mesmo período de 2006, dato que coincide co crecemento acumulado nos seis primeiros meses en termos de datos corrixidos de efecto calendario.

No seguinte gráfico pódese observar a evolución da taxa de variación interanual da superficie total de edificios de nova planta dende 1996.



Fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estadística de construción de edificios

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Comunicados en : <http://www.ige.eu>